

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR, E O CONSELLO REGULADOR DO MEXILLÓN DE GALICIA, PARA A TRAMITACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR OS GASTOS CORRENTES DE DITA ENTIDADE NO ANO 2025.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Patricia García Sánchez, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado co Consello Regulador do mexillón de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue o exercicio 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador do mexillón de Galicia para a tramitación da subvención nominativa destinada a financiar os gastos correntes de dita entidade no ano 2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da



Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros. Así mesmo no seu artigo 2.3, a citada lei destaca: Impulsar o desenvolvemento e a ordenación responsable da acuicultura mariña.

Que a Consellería do Mar da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, diferenciación e incremento do valor engadido dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura, sendo o recoñecemento da denominación da orixe do Mexillón de Galicia, un deses obxectivos acadados.

O Consello Regulador do Mexillón de Galicia constitúese como corporación de dereito público á que se lle atribúe a xestión e control da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia, coas funcións que determina a Orde do 20 de marzo de 2019 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e o seu Consello Regulador, e demais normativa aplicable. Esta denominación está inscrita no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas e de Indicacións Xeográficas Protexidas (Regulamento (CE) 1050/2007 da Comisión do 12 de setembro de 2007).

No apartado 1 do artigo 47 da Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia establécese que os consellos reguladores do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia terán personalidade xurídica de seu baixo a forma de corporacións de dereito público e gozarán de autonomía financeira e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. O devandito apartado establece tamén que os consellos reguladores axustarán o seu funcionamento ao dereito privado, excepto cando exerzan potestades públicas, situación na que se rexerán polo dereito administrativo. Por outra parte, no apartado 4 dese mesmo artigo indícase que nos consellos reguladores estarán representadas as persoas operadoras alimentarias inscritas nos seus rexistros. Ademais, o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores establece, no seu artigo 8.1, que nestes rexistros deben figurar todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas en pertencer á denominación. Polo anterior, estas corporacións de dereito público



representan á totalidade dos produtores da correspondente figura de protección da calidade, como se recolle tamén nos seus respectivos regulamentos de funcionamento.

Polo tanto, os consellos reguladores constituídos actualmente na comunidade autónoma de Galicia son agrupacións de produtores conforme ao establecido no artigo 32 do Regulamento (UE) 2024/1143 e cumpren os requisitos establecidos no artigo 33 dese regulamento para seren considerados como agrupacións de produtores recoñecidas.

Por este motivo, considérase de grande interese que o Consello Regulador do Mexillón de Galicia dispoña dos medios humanos e materiais axeitados para o desenvolvemento das súas funcións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela,

A Directora Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Patricia García Sánchez

